Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B2.2. Describir as funcións comúns a todos os seres vivos, diferenciando entre nutrición autótrofa e heterótrofa.	<b>BXB2.2.1. Recoñece e diferencia a importancia de cada función para o mantemento da vida.</b> <b>BXB2.2.2. Contrasta o proceso de nutrición autótrofa e nutrición heterótrofa, e deduce a relación entre elas.</b>	Describir as funcións comúns a todos os seres vivos
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B3.1. Catalogar os niveis de organización da materia viva (células, tecidos, órganos e aparellos ou sistemas) e diferenciar as principais estruturas celulares e as súas	<b>BXB3.1.1. Interpreta os niveis de organización no ser humano e procura a relación entre eles.</b> <b>BXB3.1.2. Diferencia os tipos celulares e describe a función dos orgánulos máis</b>	Diferenciar os tipos celulares e describir a función dos orgánulos máis importantes.



Materia	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles
	funcións.	importantes.	
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B3.2. Diferenciar os tecidos máis importantes do ser humano e a súa función.	<b>BXB3.2.1. Recoñece os principais tecidos que conforman o corpo humano e asóciaos á súa función.</b>	Recoñecer os principais tecidos que conforman o corpo humano e á súa función
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B3.3. Descubrir, a partir do coñecemento do concepto de saúde e doenza, os factores que os determinan.	<b>BXB3.3.1. Argumenta as implicacións dos hábitos para a saúde, e xustifica con exemplos as eleccións que realiza ou pode realizar para promoverla individual e colectivamente.</b>	Valorar e promover hábitos saudables
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B3.4. Clasificar as doenzas e determinar as infecciosas e non infecciosas máis comúns que afectan a poboación (causas, prevención e tratamentos).	<b>BXB3.4.1. Recoñece as doenzas e as infeccións máis comúns, e relacionas coas súas causas.</b> <b>BXB3.4.2. Distingue e explica os mecanismos de transmisión das doenzas infecciosas.</b>	Recoñecer as doenzas e as infeccións máis comúns e as súas causas.  Coñecer os mecanismos de transmisión das doenzas infecciosas.
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B3.5. Valorar e identificar hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención das doenzas.	<b>BXB3.5.1. Coñece e describe hábitos de vida saudable e identifícaos como medio de promoción da súa saúde e da das demais persoas.</b> <b>BXB3.5.2. Propón métodos para evitar o contaxio e a propagación das doenzas infecciosas máis comúns.</b>	Coñecer e describir hábitos de vida saudable  Propoñer métodos para evitar o contaxio e a propagación das doenzas infecciosas máis comúns.
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B3.6. Seleccionar información, establecer diferenzas dos tipos de doenzas dun mundo globalizado e deseñar propostas de actuación.	<b>BXB3.6.1. Establece diferenzas entre as doenzas que afectan as rexións dun mundo globalizado, e diseña propostas de actuación.</b>	Diferenzar os tipos de doenzas dun mundo globalizado.
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B3.7. Determinar o funcionamento básico do sistema inmune e as continuas contribucións das ciencias biomédicas, e describir a importancia do uso responsable dos medicamentos.	<b>BXB3.7.1. Explica en que consiste o proceso de inmunidade, e valora o papel das vacinas como método de prevención das doenzas.</b>	Coñecer o proceso de inmunidade, e valorar o papel das vacinas.
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B3.8. Recoñecer e transmitir a importancia que ten a prevención como práctica habitual e integrada nas súas vidas e as consecuencias positivas da doazón de células, sangue e órganos.	<b>BXB3.8.1. Detalla a importancia da doazón de células, sangue e órganos para a sociedade e para o ser humano.</b>	Valorar a importancia da doazón de células, sangue e órganos.
Bioloxía e Xeoloxía	B3.9. Investigar as alteracións producidas por distintos tipos de substancias aditivas, e elaborar	<b>BXB3.9.1. Detecta as situacións de risco para a saúde relacionadas co consumo de substancias tóxicas e estimulantes, como</b>	Contrastar os efectos nocivos do consumo de substancias tóxicas e estimulantes, como tabaco,



Materia	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles
. 3º de ESO	propostas de prevención e control.	<b>tabaco, alcohol, drogas, etc., contrasta os seus efectos nocivos e propón medidas de prevención e control.</b>	alcohol, drogas, etc, e propoñer medidas de prevención .
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B3.10. Recoñecer as consecuencias para o individuo e a sociedade de seguir condutas de risco.	BXB3.10.1. Identifica as consecuencias de seguir condutas de risco coas drogas, para o individuo e a sociedade.	Identificar as consecuencias de seguir condutas de risco.
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B3.11. Recoñecer a diferenza entre alimentación e nutrición, e diferenciar os principais nutrientes e as súas funcións básicas.	<b>BXB3.11.1. Discrimina o proceso de nutrición da alimentación.</b> <b>BXB3.11.2. Relaciona cada nutriente coa súa función no organismo, e recoñece hábitos nutricionais saudables.</b>	Recoñecer os nutrientes e a súa función, e os hábitos nutricionais saudables.
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B3.12. Relacionar as dietas coa saúde a través de exemplos prácticos.	<b>BXB3.12.1. Deseña hábitos nutricionais saudables mediante a elaboración de dietas equilibradas, utilizando táboas con grupos de alimentos cos nutrientes principais presentes neles e o seu valor calórico.</b>	Identificar as características básicas das dietas saudables.
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B3.13. Argumentar a importancia dunha boa alimentación e do exercicio físico na saúde, e identificar as doenzas e os trastornos principais da conduta alimentaria.	<b>BXB3.13.1. Valora e determina unha dieta equilibrada para unha vida saudable e identifica os principais trastornos da conduta alimentaria.</b>	Valorar a importancia dunha dieta equilibrada para unha vida saudable e identifica os principais trastornos da conduta alimentaria.
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B3.14. Explicar os procesos fundamentais da nutrición, utilizando esquemas gráficos dos aparellos que interveñen nela.	<b>BXB3.14.1. Determina e identifica, a partir de gráficos e esquemas, os órganos, os aparellos e os sistemas implicados na función de nutrición, e relaciónao coa súa contribución no proceso.</b>	Identificar, a partir de gráficos e esquemas, os órganos, os aparellos e os sistemas implicados na función de nutrición.
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B3.15. Asociar a fase do proceso de nutrición que realiza cada aparello implicado.	<b>BXB3.15.1. Recoñece a función de cada aparello e de cada sistema nas funcións de nutrición.</b>	Recoñecer a función de cada aparello e de cada sistema nas funcións de nutrición.
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B3.16. Identificar os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e coñecer o seu funcionamento.	<b>BXB3.16.1. Coñece e explica os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e o seu funcionamento.</b>	Coñecer o funcionamento dos compoñentes fundamentais dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor.
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B3.17. Indagar acerca das doenzas máis habituais nos aparellos relacionados coa nutrición, así como sobre as súas causas e a maneira de previlas.	<b>BXB3.17.1. Diferencia as doenzas máis frecuentes dos órganos, os aparellos e os sistemas implicados na nutrición, e asóciaas coas súas causas.</b>	Diferenciar as doenzas máis habituais nos aparellos relacionados coa nutrición, así como as súas causas e a maneira de previlas.



Materia	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B3.18. Describir os procesos implicados na función de relación, e os sistemas e aparellos implicados, recoñecer e diferenciar os órganos dos sentidos e os coitados do oído e a vista.	BXB3.18.1. Especifica a función de cada aparello e de cada sistema implicados nas funcións de relación. BXB3.18.2. Describe os procesos implicados na función de relación, e identifica o órgano ou a estrutura responsables de cada proceso. BXB3.18.3. Clasifica os tipos de receptores sensoriais e relaciónaos cos órganos dos sentidos en que se atopan.	Describir os procesos implicados na función de relación, e identifica o órgano ou a estrutura responsables de cada proceso.
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B3.19. Explicar a misión integradora do sistema nervioso ante diferentes estímulos, e describir o seu funcionamento.	<b>BXB3.19.1. Identifica algunhas doenzas comúns do sistema nervioso e relaciónaaas coas súas causas, cos factores de risco e coa súa prevención.</b>	Identificar algunhas doenzas comúns do sistema nervioso e relaciónaaas coas súas causas, e coa súa prevención.
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B3.20. Asociar as principais glándulas endócrinas coas hormonas que sintetizan e coa súa función.	BXB3.20.1. Enumera as glándulas endócrinas e asocia con elas as hormonas segregadas e a súa función.	Coñocer as principais glándulas endócrinas e a súa función.
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B3.21. Relacionar funcionalmente o sistema neuro-endócrino.	<b>BXB3.21.1. Recoñece algún proceso que teña lugar na vida cotiá no que se evidencie claramente a integración neuroendócrina.</b>	
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B3.22. Identificar os principais ósos e músculos do aparello locomotor.	<b>BXB3.22.1. Localiza os principais ósos e músculos do corpo humano en esquemas do aparello locomotor.</b>	Localizar algún óso e músculo do corpo humano en esquemas do aparello locomotor.
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B3.23. Analizar as relacións funcionais entre ósos, músculos e sistema nervioso.	BXB3.23.1. Diferencia os tipos de músculos en función do seu tipo de contracción, e relaciónaos co sistema nervioso que os controla.	Diferenciar os tipos de músculos .
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B3.24. Detallar as lesións máis frecuentes no aparello locomotor e como se preveñen.	BXB3.24.1. Identifica os factores de risco máis frecuentes que poden afectar o aparello locomotor e relaciónaos coas lesións que producen.	Detallar as lesións máis frecuentes no aparello locomotor e como se preveñen.
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B3.25. Referir os aspectos básicos do aparello reprodutor, diferenciar entre sexualidade e reprodución, e interpretar debuxos e esquemas do aparello reprodutor.	<b>BXB3.25.1. Identifica en esquemas os órganos do aparello reprodutor masculino e feminino, e especifica a súa función.</b>	Identificar en esquemas os órganos do aparello reprodutor masculino e feminino, e a súa función.
Bioloxía e	B3.26. Recoñecer os aspectos básicos da reprodución humana	<b>BXB3.26.1. Describe as principais etapas do ciclo menstrual e indica que glándulas e que</b>	Describir as principais etapas do



Materia	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles
Xeoloxía . 3º de ESO	e describir os acontecementos fundamentais da fecundación, do embarazo e do parto.	hormonas participan na súa regulación. BxB3.26.2. Identifica os acontecementos fundamentais da fecundación, do embarazo e do parto	ciclo menstrual.  Identificar os acontecementos fundamentais da fecundación, do embarazo e do parto.
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B3.27. Comparar os métodos anticonceptivos, clasificalos segundo a súa eficacia e recoñecer a importancia dalgúns deles na prevención de doenzas de transmisión sexual.	BxB3.27.1. Discrimina os métodos de anticoncepción humana. BxB3.27.2. Categoriza as principais doenzas de transmisión sexual e argumenta sobre a súa prevención.	Coñecer o funcionamento dos métodos de anticoncepción humana.  Identificar as principais doenzas de transmisión sexual e argumenta sobre a súa prevención.
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B3.28. Compilar información sobre as técnicas de reprodución asistida e de fecundación in vitro, para argumentar o beneficio que supuxo este avance científico para a sociedade.	BxB3.28.1. Identifica as técnicas de reprodución asistida máis frecuentes.	Identificar as técnicas de reprodución asistida máis frecuentes.
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B3.29. Valorar e considerar a súa propia sexualidade e a das persoas do contorno, e transmitir a necesidade de reflexionar, debater, considerar e compartir.	BxB3.29.1. Actúa, decide e defende responsablemente a súa sexualidade e a das persoas do seu contorno.	Defender responsablemente a súa sexualidade e a das persoas do seu contorno.
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B4.1. Identificar algunhas das causas que fan que o relevo difira duns sitios a outros.	BxB4.1.1. Identifica a influencia do clima e das características das rochas que condicionan os tipos de relevo e inflúen neles.	Identificar algunhas das causas que fan que o relevo difira duns sitios a outros.
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B4.2. Relacionar os procesos xeolóxicos externos coa enerxía que os activa e diferencialos dos procesos internos.	BxB4.2.1. Relaciona a enerxía solar cos procesos externos, e xustifica o papel da gravidade na súa dinámica. BxB4.2.2. Diferencia os procesos de meteorización, erosión, transporte e sedimentación, e os seus efectos no relevo.	Diferenciar os procesos de meteorización, erosión, transporte e sedimentación, e os seus efectos no relevo.
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B4.3. Analizar e predicir a acción das augas superficiais, e identificar as formas de erosión e depósitos máis características.	BxB4.3.1. Analiza a actividade de erosión, transporte e sedimentación producida polas augas superficiais, e recoñece algún dos seus efectos no relevo.	Analizar a actividade de erosión, transporte e sedimentación producida polas augas superficiais, e recoñece algún dos seus efectos no relevo.
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B4.4. Valorar e analizar a importancia das augas subterráneas, e xustificar a súa dinámica e a súa relación coas augas superficiais.	BxB4.4.1. Valora e analiza a importancia das augas subterráneas e os riscos da súa sobreexplotación.	Coñecer a importancia das augas subterráneas e os riscos da súa sobreexplotación
Bioloxía	B4.5. Analizar a dinámica mariña	BxB4.5.1. Relaciona os movementos da auga	Analizar a dinámica mariña e a





Materia	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles
e Xeoloxía . 3º de ESO	e a súa influencia na modelaxe litoral.	do mar coa erosión, o transporte e a sedimentación no litoral, e identifica algunhas formas resultantes características.	súa influencia na modelaxe litoral.
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B4.6. Relacionar a acción eólica coas condicións que a fan posible, e identificar algunhas formas resultantes.	BXB4.6.1. Asocia a actividade eólica cos ambientes en que esta actividade xeolóxica pode ser relevante.	Asociar a actividade eólica con certos ambientes en que é relevante
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B4.7. Analizar a acción xeolóxica dos glaciares e xustificar as características das formas de erosión e depósito resultantes.	BXB4.7.1. Analiza a dinámica glaciaria e identifica os seus efectos sobre o relevo.	Analizar a dinámica glaciaria e identifica os seus efectos sobre o relevo.
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B4.8. Indagar e identificar os factores que condicionan a modelaxe da paisaxe nas zonas próximas ao alumnado.	BXB4.8.1. Investiga acerca da paisaxe do seu contorno máis próximo e identifica algúns dos factores que condicionaron a súa modelaxe.	Identificar os factores que condicionan a modelaxe da paisaxe nas zonas cercanas
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B4.9. Recoñecer e identificar a actividade xeolóxica dos seres vivos e valorar a importancia da especie humana como axente xeolóxico externo.	BXB4.9.1. Identifica a intervención de seres vivos en procesos de meteorización, erosión, transporte e sedimentación. BXB4.9.2. Valora e describe a importancia das actividades humanas na transformación da superficie terrestre.	Identificar a actividade xeolóxica dos seres vivos e valora a importancia da especie humana como axente xeolóxico externo
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B4.10. Diferenciar os cambios na superficie terrestre xerados pola enerxía do interior terrestre dos de orixe externa.	BXB4.10.1. Diferencia un proceso xeolóxico externo dun interno e identifica os seus efectos no relevo.	Diferenciar os cambios na superficie terrestre xerados pola enerxía do interior terrestre dos de orixe externa
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B4.11. Analizar as actividades sísmica e volcánica, as súas características e os efectos que xeran.	BXB4.11.1. Coñece e describe como se orixinan os sismos e os efectos que xeran. BXB4.11.2. Relaciona os tipos de erupción volcánica co magma que as orixina, e asóciaos co seu grao de perigo.	Coñecer e describir como se orixinan os sismos e os efectos que xeran.
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B4.12. Relacionar a actividade sísmica e volcánica coa dinámica do interior terrestre e xustificar a súa distribución planetaria.	BXB4.12.1. Xustifica a existencia de zonas en que os terremotos son máis frecuentes e de maior magnitude.	Relacionar a actividade sísmica e volcánica coa dinámica do interior terrestre e a súa distribución planetaria
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B4.13. Valorar e describir a importancia de coñecer os riscos sísmico e volcánico, e as formas de previlos.	BXB5.13.1. Valora e describe o risco sísmico e, de ser o caso, volcánico existente na zona en que habita, e coñece as medidas de prevención que debe adoptar.	Coñecer as medidas de prevención dos riscos sísmico e volcánico.



Materia	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B5.1. Analizar os compoñentes do solo e esquematizar as relacións entre eles.	BXB5.1.1. Recoñece que o solo é o resultado da interacción entre os compoñentes bióticos e abióticos, e sinala algunha das súas interaccións.	Recoñecer que o solo é o resultado da interacción entre os compoñentes bióticos e abióticos
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B5.2. Valorar e determinar a importancia do solo e os riscos que comporta a súa sobreexplotación, degradación ou perda.	BXB5.2.1. Recoñece a fragilidade do solo e valora a necesidade de protexelo.	Recoñecer a fragilidade do solo e valora a necesidade de protexelo.
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B6.1. Planear, aplicar e integrar as destrezas e as habilidades propias do traballo científico.	BXB6.1.1. Integra e aplica as destrezas propias do método científico.	Integrar e aplicar as destrezas propias do método científico
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B6.2. Elaborar hipóteses e contrastalas a través da experimentación ou da observación e a argumentación.	BXB6.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.	
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B6.3. Utilizar fontes de información variada, e discriminar e decidir sobre elas e os métodos empregados para a súa obtención.	<b>BXB6.3.1. Utiliza fontes de información apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.</b>	Utilizar diferentes fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B6.4. Participar, valorar e respectar o traballo individual e en equipo.	BXB6.4.1. Participa, valora respecta e o traballo individual e en grupo.	Participar, valorar e respectar o traballo individual e en grupo.
Bioloxía e Xeoloxía . 3º de ESO	B6.5. Expor e defender en público o proxecto de investigación realizado.	BXB6.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e defensa na aula. B6.5.2. Expressa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.	Realizar pequenos traballos de investigación, para a súa presentación e defensa na aula.



**OBXECTIVOS. CONTIDOS. ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE:**

Materia	Bloque	Obx	Contidos	Actividades de aprendizaxe
Bioloxía e Xeoloxía de ESO	Bloque 1. Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica	h,p	B1.1. O vocabulario científico na expresión oral e escrita.	Análise de textos (libros, prensa,...)
Bioloxía e Xeoloxía de ESO	Bloque 1. Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica	b,e,f,g,h,m,p	B1.2. Metodoloxía científica: características básicas. B1.3. Experimentación en bioloxía e xeoloxía: obtención, selección e interpretación de información de carácter científico a partir da selección e a recollida de mostras do medio natural ou doutras fontes.	Reflexionar sobre o método científico mediante preguntas abertas, sobre un caso concreto (análise dun alimento, acción dos axentes xeolóxicos, o solo,...)
Bioloxía e Xeoloxía de ESO	Bloque 1. Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica	b,f,g	B1.4. Planificación e realización do traballo experimental, e interpretación dos seus resultados. B1.5. Normas de seguridade no laboratorio, e coidado dos instrumentos e do material.	Diseño dun experimento  Reflexión sobre as normas de seguridade  no laboratorio.  Identificación do material de laboratorio
Bioloxía e Xeoloxía de ESO	Bloque 2. A célula, unidade estrutural e funcional dos seres vivos	f	B2.1. Características da materia viva e diferenzas coa materia inerte. B2.2. A célula. Características básicas da célula procariota e eucariota, animal e vexetal.	Análise con textos e gráficos das características da materia viva e as diferenzas coa inerte. Búsqueda en textos e imaxes das diferenzas entre distintos tipos de células e as súas funcións
Bioloxía e Xeoloxía de ESO	Bloque 2. A célula, unidade estrutural e funcional dos seres vivos	f	B2.3. Funcións vitais: nutrición, relación e reprodución.	Análise de textos e exercicios
Bioloxía e Xeoloxía de ESO	Bloque 3. As persoas e a saúde. Promoción da saúde	f	B3.1. Niveis de organización da materia viva. B3.2. Organización xeral do corpo humano: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas. B3.3. A célula animal: estruturas celulares. Órgánulos celulares e a súa función.	Clasificar as estruturas empregando debuxos, textos, modelos e maquetas.
Bioloxía	Bloque 3. As persoas e	f	B3.4. Os tecidos do corpo humano:	Exercicios con imáxenes e textos.



Materia	Bloque	Obx	Contidos	Actividades de aprendizaxe
Xeoloxía de ESO	3ª saúde. Promoción da saúde		estrutura e funcións.	Observación ao microscopio
Bioloxía e Xeoloxía de ESO	Bloque 3. As persoas e a saúde. Promoción da saúde	e,f,m	B3.5. Saúde e a doenza, e factores que as determinan.	Debate e rexistro de conclusións
Bioloxía e Xeoloxía de ESO	Bloque 3. As persoas e a saúde. Promoción da saúde	e,f,m	B3.6. Doenzas infecciosas e non infecciosas.	Análise de textos e exercicios
Bioloxía e Xeoloxía de ESO	Bloque 3. As persoas e a saúde. Promoción da saúde	e,k	B3.7. Hixiene e prevención. Hábitos e estilos de vida saudables.	Análise de textos e exercicios
Bioloxía e Xeoloxía de ESO	Bloque 3. As persoas e a saúde. Promoción da saúde	e,a,c,d,e,m	B3.7. Hixiene e prevención. Hábitos e estilos de vida saudables.	Análise de textos e exercicios
Bioloxía e Xeoloxía de ESO	Bloque 3. As persoas e a saúde. Promoción da saúde	e,f,m	B3.8. Sistema inmunitario. Vacinas, soros e antibióticos. B3.9. Uso responsable de medicamentos.	Análise de textos, gráficas, modelos e exercicios
Bioloxía e Xeoloxía de ESO	Bloque 3. As persoas e a saúde. Promoción da saúde	e,a,b,c,m	B3.10. Transplantes e doazón de células, sangue e órganos.	Debate e elaboración dun folleto, ou video. Presentación na aula
Bioloxía e Xeoloxía de ESO	Bloque 3. As persoas e a saúde. Promoción da saúde	e,f,g,m	B3.11. Substancias aditivas: tabaco, alcohol e outras drogas. Problemas asociados.	Análise de textos, gráficas e exercicios
Bioloxía e Xeoloxía de ESO	Bloque 3. As persoas e a saúde. Promoción da saúde	e,a,d,g,m	B3.11. Substancias aditivas: tabaco, alcohol e outras drogas. Problemas asociados.	Debate, búsqueda de información e elaboración dun folleto, ou video. Presentación na aula
Bioloxía e Xeoloxía de ESO	Bloque 3. As persoas e a saúde. Promoción da saúde	e,f,m	B3.12. Alimentación e nutrición. Alimentos e nutrientes: tipos e funcións básicas.	Posta en común. Lectura de textos. Emprego de táboas e exercicios. Análise de nutrientes en alimentos
Bioloxía e Xeoloxía de ESO	Bloque 3. As persoas e a saúde. Promoción da saúde	e,f,g,m	B3.13. Dieta e saúde. Dieta equilibrada. Deseño e análise de dietas. Hábitos nutricionais saudables. Trastornos da conduta alimentaria.	Lectura de textos. Manexo de táboas. Análise de etiquetas de alimentos
Bioloxía e Xeoloxía de ESO	Bloque 3. As persoas e a saúde. Promoción da saúde	e,c,m	B3.13. Dieta e saúde. Dieta equilibrada. Deseño e análise de dietas. Hábitos nutricionais saudables. Trastornos da conduta alimentaria.	Deseño e elaboración de almorzos saudables
Bioloxía	Bloque 3. As persoas e a saúde. Promoción da saúde	e,f,m	B3.14. Función de nutrición. Visión global	Traballo con debuxos e textos



Materia	Bloque	Obx	Contidos	Actividades de aprendizaxe
Xeoloxía de ESO	3ª saúde. Promoción da saúde		e integradora de aparellos e procesos que interveñen na nutrición.	breves
Bioloxía e Xeoloxía de ESO	Bloque 3. As persoas e saúde. Promoción da saúde	f,m	B3.14. Función de nutrición. Visión global e integradora de aparellos e procesos que interveñen na nutrición.	Traballo con debuxos e textos breves
Bioloxía e Xeoloxía de ESO	Bloque 3. As persoas e saúde. Promoción da saúde	f,m	B3.15. Anatomía e fisioloxía dos aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor.	Busqueda de información. Análise de textos. Traballo con imaxes e maquetas
Bioloxía e Xeoloxía de ESO	Bloque 3. As persoas e saúde. Promoción da saúde	f,m	B3.16. Alteracións máis frecuentes e doenzas asociadas aos aparellos que interveñen na nutrición: prevención e hábitos de vida saudables.	Busqueda de información. Análise de textos. Elaboración dun folleto ou video e posta en común
Bioloxía e Xeoloxía de ESO	Bloque 3. As persoas e saúde. Promoción da saúde	f,m	B3.17. Función de relación. Sistema nervioso e sistema endócrino. B3.18. Órganos dos sentidos: estrutura e función; coidado e hixiene.	Análise de textos e imaxes. Busqueda de información. Traballo con imaxes, modelos e maquetas
Bioloxía e Xeoloxía de ESO	Bloque 3. As persoas e saúde. Promoción da saúde	f,m	B3.19. Coordinación e sistema nervioso: organización e función. B3.20. Doenzas comúns do sistema nervioso: causas, factores de risco e prevención.	Busqueda de información. Análise de textos. Elaboración de traballos e posta en común
Bioloxía e Xeoloxía de ESO	Bloque 3. As persoas e saúde. Promoción da saúde	f,m	B3.21. Sistema endócrino: glándulas endócrinas e o seu funcionamento. Principais alteracións.	Análise de textos e imaxes. Busqueda de información. Traballo con imaxes, modelos e maquetas
Bioloxía e Xeoloxía de ESO	Bloque 3. As persoas e saúde. Promoción da saúde	f,m	B3.22. Visión integradora dos sistemas nervioso e endócrino.	Traballo con imaxes, modelos e textos breves
Bioloxía e Xeoloxía de ESO	Bloque 3. As persoas e saúde. Promoción da saúde	f	B3.23. Aparello locomotor. Organización e relacións funcionais entre ósos, músculos e sistema nervioso.	Traballo con imaxes, modelos e textos breves
Bioloxía e Xeoloxía de ESO	Bloque 3. As persoas e saúde. Promoción da saúde	f,m	B3.23. Aparello locomotor. Organización e relacións funcionais entre ósos, músculos e sistema nervioso.	Traballo con imaxes, modelos e textos breves
Bioloxía e Xeoloxía de ESO	Bloque 3. As persoas e saúde. Promoción da saúde	f,m	B3.24. Factores de risco e prevención das lesións.	Busqueda de información. Traballo con imaxes. Elaboración e exposición de traballos
Bioloxía e Xeoloxía de ESO	Bloque 3. As persoas e saúde. Promoción da saúde	f,m	B3.25. Reprodución humana. Anatomía e fisioloxía do aparello reprodutor. Cambios físicos e psíquicos na adolescencia.	Posta en común. Lectura de textos. Análise de imaxes, modelos e maquetas



Materia	Bloque	Obx	Contidos	Actividades de aprendizaxe
Bioloxía Xeoloxía. de ESO	Bloque 3. As persoas e a saúde. Promoción da saúde	f,m	B3.26. Ciclo menstrual. Fecundación, embarazo e parto.	Análise de gráficas, debuxos e maquetas
Bioloxía Xeoloxía. de ESO	Bloque 3. As persoas e a saúde. Promoción da saúde	f,m	B3.27. Análise dos métodos anticonceptivos. B3.28. Doenzas de transmisión sexual: prevención.	Análise de información Observación dos métodos.  Busqueda de información Elaboración e exposición de traballos
Bioloxía Xeoloxía. de ESO	Bloque 3. As persoas e a saúde. Promoción da saúde	e,g,m	B3.29. Técnicas de reprodución asistida.	Análise de textos e gráficas  Busqueda de información Elaboración e exposición de traballos
Bioloxía Xeoloxía. de ESO	Bloque 3. As persoas e a saúde. Promoción da saúde	a,c,d,m	B3.30. Reposta sexual humana. Sexo e sexualidade. Saúde e hixiene sexual.	Análise de textos e gráficas
Bioloxía Xeoloxía. de ESO	Bloque 4. O relevo terrestre e a súa evolución	f	B4.1. Modelaxe do relevo. Factores que condicionan o relevo terrestre.	Posta en común de ideas. Análise de imaxes e da paisaxe do contorno
Bioloxía Xeoloxía. de ESO	Bloque 4. O relevo terrestre e a súa evolución	f	B4.2. Procesos xeolóxicos externos e diferenzas cos internos. Meteorización, erosión, transporte e sedimentación.	Análise de imaxes, extracción de conclusións
Bioloxía Xeoloxía. de ESO	Bloque 4. O relevo terrestre e a súa evolución	f	B4.3. Augas superficiais e modelaxe do relevo: formas características.	Análise de imaxes. Toma de fotos. Busqueda de información Elaboración de modelos e maquetas. Posta en común
Bioloxía Xeoloxía. de ESO	Bloque 4. O relevo terrestre e a súa evolución	f,m	B4.4. Augas subterráneas: circulación e explotación.	Análise de imaxes. Busqueda de información Elaboración de modelos e maquetas. Posta en común
Bioloxía Xeoloxía. de ESO	Bloque 4. O relevo terrestre e a súa evolución	f	B4.5. Acción xeolóxica do mar: dinámica mariña e modelaxe litoral.	Análise de imaxes. Toma de fotos extracción de conclusións. Observación de area á lupa
Bioloxía Xeoloxía. de ESO	Bloque 4. O relevo terrestre e a súa evolución	f	B4.6. Acción xeolóxica do vento: modelaxe eólica.	Análise de imaxes. Toma de fotos. Busqueda de información Elaboración de modelos e maquetas. Posta en común
Bioloxía Xeoloxía. de ESO	Bloque 4. O relevo terrestre e a súa evolución	f	B4.7. Acción xeolóxica dos glaciares: formas de erosión e depósito que orixinan.	Análise de imaxes. Toma de fotos. Busqueda de información Elaboración de modelos e maquetas. Posta en común



Materia	Bloque	Obx	Contidos	Actividades de aprendizaxe
Bioloxía Xeoloxía. de ESO	eBloque 4. O relevo terrestre e a súa evolución	f,l,o	B4.8. Factores que condicionan a modelaxe da paisaxe galega.	Análise de imaxe. Toma de fotos. Observación in situ. Posta en común
Bioloxía Xeoloxía. de ESO	eBloque 4. O relevo terrestre e a súa evolución	f,g,m	B4.9. Acción xeolóxica dos seres vivos. A especie humana como axente xeolóxico.	Análise de imaxes, elaboración de modelos extracción de conclusións
Bioloxía Xeoloxía. de ESO	eBloque 4. O relevo terrestre e a súa evolución	f	B4.10. Manifestacións da enerxía interna da Terra.	Torbellino de ideas e rexistro de conclusións
Bioloxía Xeoloxía. de ESO	eBloque 4. O relevo terrestre e a súa evolución	f	B4.11. Actividade sísmica e volcánica: orixe e tipos de magmas.	Análise de imaxes, modelos e textos
Bioloxía Xeoloxía. de ESO	eBloque 4. O relevo terrestre e a súa evolución	f,g	B4.12. Distribución de volcáns e terremotos. Riscos sísmico e volcánico: importancia da súa predición e da súa prevención.	Traballo con textos modelos e mapas
Bioloxía Xeoloxía. de ESO	eBloque 4. O relevo terrestre e a súa evolución	f,g	B4.12. Distribución de volcáns e terremotos. Riscos sísmico e volcánico: importancia da súa predición e da súa prevención. B4.13. Sismicidade en Galicia.	Traballo con textos e mapas
Bioloxía Xeoloxía. de ESO	eBloque 5. O solo como ecosistema.	f	B5.1. O solo como ecosistema. B5.2. Compoñentes do solo e as súas interaccións.	Análise de textos, modelos e gráficas. Traballo de campo e laboratorio. Posta en común
Bioloxía Xeoloxía. de ESO	eBloque 5. O solo como ecosistema.	f,g,m	B5.3. Importancia do solo. Riscos da súa sobreexplotación, degradación ou perda.	Traballo con textos. Proxecto de investigación Elaboración de modelos
Bioloxía Xeoloxía. de ESO	eBloque 6. Proxecto de investigación	b,c,	B6.1. Método científico. Elaboración de hipóteses, e a súa comprobación e argumentación, a partir da experimentación ou a observación.	Debate, propostas e selección de traballos de investigación (sobre o solo, os axentes xeolóxicos, ou outros que poidan xurdir nos debates)
Bioloxía Xeoloxía. de ESO	eBloque 6. Proxecto de investigación	b,f,g	B6.1. Método científico. Elaboración de hipóteses, e a súa comprobación e argumentación, a partir da experimentación ou a observación.	Reparto de grupos e selección e reparto do traballo nos mesmos
Bioloxía Xeoloxía. de ESO	eBloque 6. Proxecto de investigación	e	B6.2. Artigo científico. Fontes de divulgación científica.	Análise da presentación dun artigo científico. Busqueda de fontes de divulgación
Bioloxía Xeoloxía. de ESO	eBloque 6. Proxecto de investigación	a,b,c	B6.3. Proxecto de investigación en equipo. Organización. Participación e colaboración	Distribución das tarefas nos grupos. Diseño do traballo, selección e



Materia	Bloque	Obx	Contidos	Actividades de aprendizaxe
de ESO			respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións.	búsqueda dos materiais. Feedback
Bioloxía e Xeoloxía de ESO	Bloque 6. Proxecto de investigación	a,b,d,h,p	B6.3. Proxecto de investigación en equipo. Organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións.	Presentación oral da metodoloxía, os resultados e as conclusións. Feedback

## PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

### Procedementos para a realización da avaliación inicial

Para poder avaliar ao noso alumado correctamente é moi importante saber de onde partimos. É preciso que establezamos o nivel real do alumnado antes de iniciar o proceso de ensino-aprendizaxe tendo en conta o seu historial académico, os seus logros e dificultades. Nesto consiste a avaliación inicial ou diagnóstica que terá os obxectivos:

- Identificar aprendizaxes previos que marcan o punto de partida para unha nova aprendizaxe.
- Detectar carencias, lagunas ou erros que poidan dificultar o logro dos obxectivos plantexados.
- Diseñar actividades orientadas á nivelación das aprendizaxes.
- Detectar obxetivos que xa están dominados, a fin de evitar a súa repetición.
- Buscar elementos que permitan plantexar obxectivamente axustes ou modificacións na programación.
- Establecer metas razoables coa finalidade de valorar os logros escolares.
- Adecuar o tratamento pedagóxico ás características e peculiaridades do alumnado.

En definitiva, a avaliación inicial proporcionaranos información sobre os coñecementos previos do alumnado para decidir o nivel no que hai que desenvolver os novos contidos do ensino e as relacións entre eles.

Tamén debe ter unha función motivadora, na medida en que axuda a coñecer as posibilidades que ofrecerán as novas aprendizaxes.

A avaliación inicial farase ao **principio do curso** dun xeito global da materia, para detectar as dificultades do alumnado e poner en marcha os mecanismos para a súa resolución (apoio, reforzo, inclusión en agrupamento...), **versará sobre coñecementos incluídos nos contidos mínimos do curso anterior onde prime o razoamento lóxico e a adquisición de competencias básicas**, sobre datos memorísticos. Os resultados só se terán en conta a efectos de adecuar o nivel de partida do proceso de ensino-aprendizaxe á realidade de cada grupo e, en consecuencia, non afectará ás cualificacións dos alumnos.

O longo do curso, antes de iniciar cada tema, tamén se fará unha detección de ideas previas para recoller información sobre o nivel de coñecementos.





## O proceso de avaliación consta de:

### a. Avaliación inicial

Ao inicio do curso comprobaranse os coñecementos previos dos alumnso mediante unha proba escrita, cuxos resultados só se terán en conta a efectos de adecuar o nivel de partida do proceso de ensino-aprendizaxe á realidade de cada grupo e polo tanto non afectará as cualificacións.

Consecuencias do resultado da proba:

- Resultado positivo: ningunha medida
  - Resultado dudoso: continuar coa observación ao longo do trimestre e informar ao titor/a
- Resultado negativo: informar na xunta de avaliación inicial e departamento de orientación, que valorará as medidas a tomar.

### b.- Avaliación formativa

Ao longo do curso, os alumnos estarán informados do seu progreso a través de diversos medios como as correccións das probas escritas, interacción na aula, corrección do caderno de clase e dos traballos que se vaian propoñendo. Unha vez por trimestre informarase de xeito máis formal dacordo coa normativa vixente tanto aos alumnos como aos pais, nais ou titores dos progresos e no seu caso das dificultades do proceso de aprendizaxe mediante a cualificación da avaliación, xunto coas observacións pertinentes que o profesor envíe ao titor de aula para seren comunicadas.

### c.- Avaliación sumativa

Ao finalizar o curso valorarase o rendemento académico do alumnado, así como a súa dedicación, interese e esforzo, medianter a cualificación final que se establecerá dacordo aos criterios que se expoñen a continuación, tendo en conta a nota media das cualificacións parciais das avaliación trimestrais.

## Procedementos de avaliación

Os procedementos ou técnicas previstas para avaliar a progresión do alumnado no proceso de aprendizaxe son:

- Probas escritas (mínimo unha por avaliación)
- Controis de aula: exercicios orais ou escritos, saídas á pizarra
- Observación sistemática
- Producción dos alumnos:
  - ☐ Traballos individuais de aula, laboratorio, casa ou en actividades complementarias, blogs e outros proxectos.
  - ☐ Traballos en grupo de aula, laboratorio, casa ou se é o caso en actividades complementarias, blogs e outros proxectos.
  - ☐ Caderno de clase.

## Instrumentos de avaliación

Considerando que os instrumentos de avaliación son os documentos e rexistros nos que se recollen os resultados da observación sistemática e do seguimento do proceso de aprendizaxe do alumando, os instrumentos de avaliación van ser de dous tipos:

- 1.- As producións propias dos alumnos: probas escritas, caderno de aula, traballos realizados, participación en diferentes actividades complementarias



2.- Caderno do profesor recollendo os resultados da observación sistemática, así como as cualificacións dos diferentes procedementos de avaliación (produccións dos alumnos, máis exposicións dos traballos, participación en actividades complementarias, actitude cara a materia, esforzo e adicación, boa conducta e respecto polo profesor e compañeiros, desenvolvemento de actitudes de respecto cara o contorno e adquisición das competencias básicas.

### 3.- Rúbricas

- Caderno de clase:

ENTREGA	Antes (0,2)	En prazo (0,2)	Fóra prazo (0,0)	Nova entrega (0,05)
PRESENTACIÓN	Excelente (0,2)	Boa (0,15)	Aceptable (0,1)	Mellorable (0,05)
ORGANIZACIÓN	Excelente (0,2)	Boa (0,15)	Aceptable (0,1)	Mellorable (0,05)
ESQUEMAS E DEBUXOS	Todos (0,2)	Casi todos (0,15)	Algún (0,1)	Ningún (0,05)
EXERCICIOS	Todos (0,2)	Casi todos (0,15)	Algún (0,1)	Ningún (0,05)
<b>TOTAL:</b>	<b>1 PTO.</b>	<b>0,8 PTOS.</b>	<b>0,4 PTOS.</b>	<b>0,25 PTOS.</b>

- Caderno de prácticas:

ENTREGA	Antes (0,125)	En prazo (0,1)	Fóra prazo (0,0)	Nova entrega (0,025)
PRESENTACIÓN	Excelente (0,125)	Boa (0,1)	Aceptable (0,05)	Mellorable (0,025)
ORDE	Correcto (0,125)	Case (0,1)	Bastante (0,05)	Mellorable (0,025)
ESQUEMAS E DEBUXOS	Todos (0,125)	Falta algún (0,1)	Case todos (0,05)	Ningún (0,025)
CUESTIÓNS	Todas (0,125)	Falta alguha (0,1)	Case todas (0,05)	Ninguha (0,025)
AUTONOMÍA	Autónomo (0,125)	Case (0,1)	Pouco (0,05)	Nada (0,025)
COIDADADO DO MATERIAL	Sempre (0,125)	Case sempre (0,1)	Ás veces (0,05)	Nunca (0,025)
NORMAS SEGURIDADE	Sempre (0,125)	Case sempre (0,1)	Ás veces (0,05)	Nunca (0,025)
<b>TOTAL:</b>	<b>1 PTO.</b>	<b>0,8 PTOS.</b>	<b>0,4 PTOS.</b>	<b>0,2 PTOS.</b>

- Traballo obrigatorio:

<b>Entrega</b>	Antes de (0,1)	En prazo (0,1)	Fóra prazo (0,05)	Nova entrega (0,025)
<b>Presentación</b>	Excelente (0,1) oral/xestual	Boa (0,08) oral+xestual forzado	Aceptable (0,05) oral+algo xestual	Mellorable (0,02) oral/nada xestual



<i>Nº mínimo diapositivas</i>	<i>Sobrepasa (0,1)</i>	<i>Nº mínimo (0,8)</i>	<i>Debaixo do mínimo (0,05)</i>	<i>Moi poucas (0,02)</i>
<b>Tempo</b>	<i>Acóllese (0,1)</i>	<i>Pasa pouco (0,08)</i>	<i>Por debaixo (0,05)</i>	<i>Moi por debaixo (0,02)</i>
<b>Efectos (gifs...)</b>	<i>Moitos (0,1)</i>	<i>Bastantes (0,08)</i>	<i>Poucos (0,05)</i>	<i>Ningún (0,02)</i>
<b>Transicións</b>	<i>En todas (0,1)</i>	<i>Case todas (0,08)</i>	<i>Algunha (0,05)</i>	<i>Ningunha (0,02)</i>
<b>Esquemas /debuxos</b>	<i>Acordes (0,1)</i>	<i>Case acordes (0,08)</i>	<i>Poucos (0,05)</i>	<i>Ningún (0,02)</i>
<b>Vídeo</b>	<i>Aclaratorio (0,1)</i>	<i>Case (0,08)</i>	<i>Pouco (0,05)</i>	<i>Nada (0,02)</i>
<b>Bibliografía</b>	<i>3 ou máis(0,1)</i>	<i>3 fontes (0,08)</i>	<i>2 fontes (0,05)</i>	<i>1-0 fontes (0,02)</i>
<b>Respeto Trab. indiv/grupo</b>	<i>Sempre (0,1)</i>	<i>Case sempre (0,08)</i>	<i>Ás veces (0,05)</i>	<i>Nunca (0,02)</i>
<b>TOTAL</b>	<b>1 PTO.</b>	<b>0,82 PTOS.</b>	<b>0,5 PTOS.</b>	<b>0,25 PTOS.</b>

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

<b>CRITERIOS BIOLOXÍA 3ºE.S.O.</b>		
<b>MATERIAL</b>	<i>Libro de texto</i>	BIXE 3. Ed. Vicens Vives.
	<i>Caderno de clase</i>	Apuntes e boletíns.
	<i>Caderno de prácticas</i>	Guións de prácticas resoltos.
	<i>Traballos obrigatorios e voluntarios</i>	Propostos polo profesor/a
<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	<i>1º Trimestre</i>	<b>Bloque II e III ata Apto.circulatorio</b>
	<i>2º Trimestre</i>	<b>De Apto.circulatorio ata S.N.</b>
	<i>3º Trimestre</i>	<b>De Endócrino ata Reprodutor Bloque IV e V (xeoloxía)</b>
<b>METODOLOXÍA AVALIACIÓN</b>	<i>Nº de probas escritas</i>	<b>2</b>
	<i>Modelo de proba escrita</i>	<b>Resposta curta, completar e relacionar.</b>
	<i>Participación na aula</i>	Aportacións na aula
	<i>Caderno de clase</i>	Apuntes e boletíns resoltos
	<i>Caderno de prácticas</i>	Guións de prácticas resoltos
	<i>Traballos propostos</i>	Formato dixital
<b>CRITERIOS CUALIFICACIÓN</b>	<i>Probas escritas</i>	<b>70%</b>
	<i>Participación na aula</i>	<b>10%</b>



	<i>Caderno de clase</i>	<b>10%</b>
	<i>Caderno de prácticas</i>	<b>5%</b>
	<i>Traballos propostos</i>	<b>5%</b>
<b>PROCEDEMENTOS de RECUPERACIÓN</b>	<i>1º Trimestre</i>	Proba escrita en xuño
	<i>2º Trimestre</i>	Proba escrita en xuño
	<i>3º Trimestre</i>	Proba escrita en xuño
	<i>Xuño</i>	Toda a materia.
	<i>Setembro</i>	Toda a materia
<b>CRITERIOS CUALIFICACIÓN DA RECUPERACIÓN METODOLOXÍA RECUPERACIÓN</b>	<i>Proba escrita</i>	100%
	<i>Modelo de proba escrita</i>	<b>Resposta curta, completar e relacionar.</b>
<b>REDONDEO DAS CALIFICACIÓNS</b>	<i>Avaliacións trimestrais</i>	A nota sería a parte enteira da nota acadada
	<i>Avaliación final</i>	Farase redondeo ao enteiro superior a partir do 0,6

## **MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS:**

Libro de texto Bioloxía e Xeoloxía de 3º de Vicens Vives  
 Textos seleccionados de diferentes libros de texto e científicos  
 Libros de lectura e de divulgación (fondos do Seminario)  
 Materiais de laboratorio  
 Revistas e material bibliográfico complementario  
 Material informático: Software, blogs, Internet  
 Material audiovisual: vídeos, fotografías.

## **2.4. CUARTO CURSO DA ESO BIOLOXÍA E XEOLOXÍA:**

### **CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. RELACIÓN ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES COAS CCBB:**

*Para potenciar a motivación pola aprendizaxe de competencias requirense metodoloxías activas e contextualizadas. Aquelas que faciliten a participación e implicación do alumnado e a adquisición e uso*



*de coñecementos en situacións reais serán as que xeren aprendizaxes máis transferibles e duradeiras. As metodoloxías activas débense apoiar en estruturas de aprendizaxe cooperativa, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus/súas compañeiros/as e poidan aplicalas a situacións similares.*

### **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

O adestramento nesta competencia facilita ao alumnado a adquisición de grande habilidade no manexo do método científico e todo o relacionado con el, o que axuda, á súa vez, a ter unha visión sobre o coidado saudable, e a ser respectuoso co contorno que o rodea.

Así, ademais dos descritores da competencia que se traballan puntualmente nas unidades, destacamos os seguintes:

- Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.
- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Respetar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado saudable.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.
- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.
- Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.
- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

### **Comunicación lingüística**

Nesta área é necesaria a comprensión profunda para entender todo o que a materia nos propón. A lectura, a escritura e a expresión oral perfilanse por iso como eixe vertebrador. Adestrar os descritores indicados garántenos unha maior comprensión por parte do alumnado e un coñecemento profundo.

Polo tanto, destacamos os descritores seguintes:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.



- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

### ***Competencia dixital***

Ciencia e tecnoloxía únense da man da competencia dixital. O adestramento nos descritores dixitais pode favorecer a adquisición da maioría dos coñecementos que se van estudar na área, así como achegar ferramentas para que o alumnado poida investigar e crear os seus traballos de campo utilizando ferramentas dixitais.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

### ***Conciencia e expresións culturais***

Esta competencia posibilita que os alumnos e alumnas traballen tendo en conta aspectos que favorezan todo o relacionado coa interculturalidade, a expresión artística, a beleza, etc. Desde a área de Bioloxía e Xeoloxía favorécese o traballo e desenvolvemento desta competencia a partir do adestramento dos seguintes descritores:

- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

### ***Competencias sociais e cívicas***

Favorecer que os estudantes sexan cidadáns reflexivos, participativos, críticos e capaces de traballar en equipo son aspectos que se deben traballar para desenvolver adecuadamente esta competencia, e garda unha estreita relación coas habilidades que debemos adestrar para axudar á formación de futuros profesionais. Esta competencia favorece o ser crítico ante diferentes situacións, ante investigacións sobre avances científicos... Así mesmo, pretende traballar todos aqueles aspectos que fomentan unha reflexión ante situacións de hoxe, que posibilitan que o alumnado medre e madure adquirindo ferramentas que o van levar a posuír un criterio propio o día de mañá.

Para iso adestraremos os seguintes descritores:

- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.



- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

### ***Sentido de iniciativa e espírito emprendedor***

<b>CRITERIOS CUALIFICACIÓN E RECUPERACIÓN METODOLOXÍA RECUPERACIÓN</b>	<i>Proba escrita</i>	100%
	<i>Modelo de proba escrita</i>	Estrutura ABAU
<b>REDONDEO DAS CALIFICACIÓNS</b>	<i>Avaliacións trimestrais</i>	A nota sería a parte enteira da nota acadada
	<i>Avaliación final</i>	Farase redondeo ao enteiro superior a partir do 0,6
<b>ACREDITACIÓN COÑECEMENTOS PREVIOS</b>	<i>Proba escrita</i>	100%
	<i>Setembro</i>	Alumnado que non tivo a asignatura de Bioloxía e Xeoloxía en 1º de bacharelato.



## **Materiais e recursos didácticos**

Libros de texto editorial Anaya  
Textos seleccionados de diferentes libros de texto e científicos  
Libros de lectura e de divulgación (fondos do Seminario)  
Materiais de laboratorio  
Material de campo  
Revistas e material bibliográfico complementario  
Material informático: Software, blogs, Internet  
Material audiovisual: vídeos, fotografías, películas e diapositivas

## **3.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA (incidindo no impulso da autonomía personal no Bacharelato)**

O enfoque metodolóxico debe contribuír a desenvolver o currículo desde a perspectiva da finalidade e características da materia, así como asegurar a coherencia entre os valores que promove e os que se poñan en práctica no proceso educativo.

Nun contexto de cambio permanente, para desenvolver a competencia científica no alumnado e capacitálo para construír e aplicar os coñecementos de forma autónoma, creativa, responsable e crítica -tanto no plano persoal da vida cotiá como no social da participación cidadá- será necesario conxugar o saber facer do profesorado coas achegas da investigación sobre a construción do coñecemento e dos valores, da didáctica das ciencias e da tecnoloxía e dos estudos sobre as avaliacións internacionais.

Neste marco, cómpre destacar algunhas propostas metodolóxicas que se consideran relevantes para desenvolver o currículo desta área ou ámbito no seu caso:

-Tomar a aprendizaxe como referente para a intervención educativa e atender á diversidade presentando problemas e cuestións susceptibles de ser abordadas partindo de distintos niveis. Xerar, tamén, un clima de aula que lle dea ao alumnado a oportunidade de participar e de elaborar as súas propias posturas sobre os dilemas sociais que teñen relación coa ciencia e a tecnoloxía.

-Crear contextos de aprendizaxe e avaliación que impliquen o alumnado e o leven a planificar e avaliar as súas realizacións, identificando os avances e as dificultades, de cara a autorregular o seu propio e singular proceso de aprender a aprender.

-Favorecer situacións de aprendizaxe contextualizadas e abertas que permitan achegarse á complexidade das problemáticas actuais. Contextualizadas, na medida en que se traten cuestións de actualidade relacionadas co contorno do alumnado ou presentes nos medios de comunicación. Abertas, porque a posible solución ou solucións non están definidas de antemán.



-Presentar propostas de traballo integradoras que transcendan os ámbitos disciplinares e teñan en conta as distintas dimensións das controversias de actualidade, relacionando os contidos científicos e tecnolóxicos cos problemas sociais, políticos e éticos en que están inmersos.

-Fomentar o tratamento como investigacións de problemas importantes do contexto vivencial do alumnado, facendo explícita a interacción entre a acción, o marco teórico de referencia e a discusión en equipo. Incitar a facerse preguntas e formular hipóteses para orientar o proceso, así como a interpretar os resultados empíricos e extraer conclusións, debater e argumentar, para buscar solucións axeitadas aos problemas propostos.

-Promover a participación estudiantil en contextos de auténtica indagación e a realización de informes que documenten as súas investigacións, e proporcionarlles a orientación precisa para acadar a capacidade de realizar un proxecto de investigación escolar de forma autónoma.

-Seleccionar e organizar os contidos en función da súa utilidade para facilitar a análise de situacións e a busca de solucións dos problemas que son obxecto de estudo. Utilizar as actitudes e procedementos tecnocientíficos como eixe aglutinador e, entodo caso, asegurar un tratamento integrado de coñecementos, procedementos, emocións, actitudes e valores.

-Propiciar unha aprendizaxe significativa que reconstrúa os modelos e esquemas de pensamento do alumnado, coa axuda dos procedementos da ciencia involucrada, e que permita realizar a transferencia de coñecemento para interpretar ou aplicar a outras situacións ou contextos da vida real.

-Promover a lectura e a utilización das TIC para informarse, aprender e comunicarse e mais utilizar, como recurso na aula, materiais procedentes dos diversos medios de comunicación para analizar con sentido crítico, ético e estético a súa influencia na visión do mundo, os nosos gustos, valores e personalidade.

-Crear espazos de interacción continua entre o alumnado e o profesorado e de cooperación entre iguais, como requisito necesario para poñer en marcha a maior parte das estratexias metodolóxicas orientadas á aprendizaxe da participación en procesos de negociación e toma de decisións, á construción do coñecemento e á familiarización e simulación da práctica científica.

-Desempeñar, como docente, a titoría e a mediación nas aprendizaxes do alumnado creando contornos apropiados e servíndose da avaliación para comprender o proceso educativo e a funcionalidade dos contidos, orientando a súa intervención sen esquecer que a construción do coñecemento é social e que a aprendizaxe é individual.

*En resumo, do que se trata é de axudar a que a cidadanía desenvolva aquelas competencias que a encamiñen á adquisición da autonomía e da autoaprendizaxe en diferentes contextos da vida, contribuíndo deste xeito á súa capacidade de tomar decisións libres, responsables e ben fundamentadas sobre cuestións relacionadas co desenvolvemento tecnocientífico.*

## **Bacharelato**

A metodoloxía didáctica incidirá notablemente no impulso da autonomía personal que potencie a capacidade do alumnado para a autoaprendizaxe, traballar en equipo, aplicar métodos adecuados de investigación e para que chegue a comprender a conexión entre os coñecementos teóricos e as súas aplicacións prácticas, destacando as seguintes estratexias metodolóxicas:





- Xerar un clima na aula que favoreza as aprendizaxes significativas, que esperte o interese polas materias e que permita a comunicación entre estudantes e co profesorado.
- Fomentar a autonomía, iniciativa persoal, creatividade e a competencia de aprender a aprender a través da planificación, realización e avaliación de deseños experimentais por parte do alumnado, incluíndo a incorporación das TIC co obxectivo de favorecer unha visión máis actual da actividade tecnolóxica e científica
- Ter en conta as ideas previas do alumnado para o deseño e a secuencia de actividades, facilitando a construción de aprendizaxes cooperativas que propicien o cambio conceptual, metodolóxico e actitudinal.
- Dotar o alumnado de ferramentas que lle permitan iniciarse nos métodos de investigación mediante a preparación de actividades que potencien o desenvolvemento de procedementos e orienten alumnas e alumnos para que poidan realizar de forma autónoma un proxecto de investigación escolar
- Propoñer actividades que relacionen os fenómenos biolóxicos estudados na aula cos da vida cotiá, mediante análise de situacións concretas, comentarios de novas de actualidade ou realizando saídas didácticas (laboratorios, fábricas, etc.) combinadas con informes ou traballos específicos.
- Relacionar os fenómenos xeolóxicos / ambientais estudados na aula e os da vida cotiá, mediante análise de situacións concretas, noticias de actualidade ou realizando saídas didácticas como itinerarios xeolóxicos, ecolóxicos, etc. xunto con informes ou traballos específicos, facendo especial fincapé nas características de Galicia cando os contidos o posibiliten.
- Partir, sempre que sexa posible, de situacións problemáticas abertas para recoñecer que cuestións son cientificamente investigables, decidir como precisalas e reflexionar sobre o seu posible interese como facilitadoras da aprendizaxe.
- Propiciar a construción dunha cultura científica interdisciplinar presentando propostas de traballo integradoras que transcendan os ámbitos disciplinares e relacionen os contidos científicos cos problemas sociais, políticos e éticos.
- Facilitar a construción de aprendizaxes cooperativas que propicien o cambio conceptual, metodolóxico e actitudinal.
- Propiciar a construción dunha imaxe dinámica da ciencia.
- Facilitar a aprendizaxe do alumnado, creando contornos apropiados e servíndose da avaliación para comprender o proceso educativo e a funcionalidade dos contidos e orientando á súa intervención facilitando estratexias e formulando cuestións precisas que lles permitan ás alumnas e aos alumnos construír a súa propia aprendizaxe.

#### **4.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Medidas tomadas:



- Detectarase ao alumnado con dificultades mediante probas de avaliación inicial e as distintas probas que se realicen ao longo do primeiro trimestre. Toda a información recollida será presentada na sesión de avaliación do alumnado.
- Os mecanismos de reforzo, poñeranse en práctica cando se detecten dificultades de aprendizaxe e poderán ser tanto medidas organizativas como curriculares.
- Manteranse entrevistas co titor/a previas á proposta de medidas de reforzo. Estas medidas poderán levarse á práctica tanto na aula como fóra dela se fose preciso.
- Nalgúns casos será necesario que o alumnado manteña entrevistas coa xefa do departamento de orientación.
- Nalgúns casos e baixo a supervisión do departamento de orientación deberanse realizar A.C.I para algúns alumnos concretos.
- As necesidades do alumnado de altas capacidades intelectuais será atendidas polo profesor correspondente dentro do grupo ordinario con actividades de ampliación de contidos ou estimulación que cubran as necesidades deste alumnado, de forma personalizada.
- O alumnado de incorporación tardía será atendido de forma personalizada coordinadamente co departamento de orientación.

## 5.- MATERIAS PENDENTES

O mecanismo proposto para que teñan a posibilidade de recuperar esas materias pendentes consta de dúas etapas:

1-Realización por parte do alumnado dunha serie de actividades de reforzo, extraídas do libro de texto baseadas nos contidos mínimos esixidos en cada materia. En calquera momento poderán consultar dúbidas co profesorado correspondente acerca da resolución de tales actividades. Estas deberán ser entregadas correctamente resoltas antes ou na da data de realización da proba escrita.(40% da nota)  
Realización de dúas probas escritas (xanerio/maio), baseadas nos contidos mínimos e de estrutura semellante ás actividades de reforzo realizadas anteriormente (60% da nota ).

2-Si ambas partes son resoltas satisfactoriamente, o alumno/a terá a materia recuperada. Logo disto, si suspendera, terá que facer unha proba escrita en setembro.

## 6.- TEMAS TRANSVERSAIS NA ESO

Entendemos que temas transversais son aqueles que non pertencen en exclusiva a ningún Departamento pero que deben estar sempre presentes na aula. Debido as características epistemolóxicas propias e o carácter xa claramente interdisciplinar da Área de Ciencias podemos afirmar que os temas transversais que contemplamos *Educación para a saúde, Educación para o coidado do medio ambiente, Educación para a igualdade e a non discriminación*, **xa están recollido nos obxectivos de área e didácticos, nos contidos de cada curso, así como nas actividades complementarias. Vexámolo:**

### Educación para a saúde:

Bloque 4, Unidade 7 de 1º da ESO



Bloque 2 de 3º da ESO (Unidades didácticas 1 -7)

Bloque 3 de 4º da ESO Unidades 5, 6)

Actividades complementarias:

Participación en charlas e/ou obradoiros sobre saúde e sexualidade.

### **Educación para o coidado do medio ambiente:**

Bloques 3 e 4: Unidades 3, 8, 9, 13 de 1º da ESO

Bloque 3 de 3º da ESO (Unidade didáctica 9)

Bloque 4 de 4º da ESO (Unidades 7, 8)

Actividades complementarias de contido ambiental:

Asistencia a charlas de contido ecolóxico.

Blogs relacionado co Cambio Climático e outros problemas ambientais

Visitas didácticas a Lugares de Interese ambiental (todos os cursos)

### **Educación para a igualdade e a non discriminación:**

Recollido especialmente na Competencia básica social e cidadá de 1º, 3º, 4º da ESO

Recollido así mesmo nos contidos relacionados coa xenética e as biotecnoloxías en 4º da ESO.

Asistencia a todo tipo de actividades encamiñadas nesta dirección (charlas, obradoiros, etc) que se organizan no centro dende diferentes entidades.

## **7.- TEMAS TRANSVERSAIS NO BACHARELATO**

Debido ao carácter xa craramente interdisciplinar da nosa materia este apartado da programación xa está recollido nos obxectivos de área e didácticos, nos contidos de cada curso, así como nas actividades complementarias. Vexámolo:

### **Educación para a saúde:**

Bloque 3 de C.C "Saúde e calidade de vida" (Unidades 5 e 6)

Bioloxía e Xeoloxía de 1º de Bacharelato (contidos de bioloxía)

Bioloxía de 2º de Bacharelato

Actitudes, valores e normas de Bacharelato

Actividades complementarias:

Participación en charlas e/ou obradoiros sobre saúde e sexualidade.

Bloque 4 de C.C Modelo de xestión do planeta Unidades 7, 8, 9

Contidos de Bacharelato (CTA na súa totalidade, Xeoloxía ambiental)

Actividades complementarias de contido ambiental:

Asistencia a charlas de contido ecolóxico

Blogs relacionado co Cambio Climático e outros problemas ambientais



Visitas didácticas a Lugares de Interese ambiental (todos os cursos)  
Excursións ou visitas con contidos de medio ambiente.

### **Educación para a igualdade e a non discriminación:**

Recollido en Cultura científica (contidos comúns a todos os bloques)

Recollido en Actitudes, valores e normas de Bacharelato

Recollido así mesmo nos contidos relacionados coa xenética e as biotecnoloxías en CC e Bioloxía de 2º de Bacharelato.

Asistencia a todo tipo de actividades encamiñadas nesta dirección (charlas, obradoiros, etc) que se organizan no centro dende diferentes entidades.

## **8.- PROGRAMA DE EDUCACIÓN EN VALORES**

Na Área de Ciencias os contextos dos contidos e actividades complementarias e outras actividades deben estar constantemente referidos a educación en valores xa que son éstos os que inciden preferentemente na formación integral das persoas. A educación en valores está presente de forma constante na práctica docente da nosa Área en diferentes aspectos como desenvolvemento de competencias, contidos actitudinais (normas, actitudes e valores) temas transversais e actividades complementarias. Así destacamos os valores relativos a:

**De carácter social e cidadán:** constitúen parte dos contidos actitudinais este os que destaca a participación en tarefas comúns mostrando colaboración e respecto polas opinións alleas e as regras, o diálogo para debater e chegar a puntos de converxencia comúns, o respecto pola autonomía dos demais, a responsabilidade no traballo individual e de grupo, etc.

Tamén se colabora -e se propón se é o caso- activamente e con calquera iniciativa de Vicedirección ou Xefatura de Estudos relacionados con esta problemática.

### **Educación do consumidor:** Pódese incidir sobre algúns aspectos do consumo:

A utilización, interpretación e valoración crítica de informacións recollidas nos medios (noticias, enquisas, publicidade,...)

A actitude crítica ante situacións relacionadas coa exaltación do consumismo e actitudes non sostibles a nivel personal e social.

A aplicación de conceptos e procedementoscientíficos para interpretar e analizar situacións relacionadas coa xestión sostible dos recursos naturais e actitude crítica fronte ao despilfarro e a desigualdade no acceso aos bens e servicios.

Tamén se colabora -e se propón se é o caso- activamente e con calquera iniciativa oficial do centro relacionados con esta problemática.

**Relativos á igualdade os sexos:** O ensino debe caracterizarse polo uso de estratexias metodolóxicas non sexistas non discriminando os alumnos/as por razóns de sexo e utilizando linguaxes e fomentando hábitos non sexistas, así mesmo nos propios contidos da Bioloxía faremos fincapé na loita contra estereotipos racistas ou sexistas de calquer tipo.

Tamén se colabora -e se propón se é o caso- activamente con calquera iniciativa de Vicedirección ou Xefatura de Estudos relacionados con esta problemática (actividades do Día da Muller, contra a violencia de xénero, etc)



**Educación para a saúde:** Na materia de Bioloxía, CC e en xeral tratamos exhaustivamente conceptos, procedementos e actitudes relacionados co coñecemento do corpo, a saúde e a adquisicións de hábitos saudables e as repercusións de condutas insáns. Así mesmo en todos os cursos hai previstas charlas/obradoiros relacionados coa mellora da saúde.

Tamén se colabora -e se propón se é o caso- activamente con calquera iniciativa de Vicedirección ou Xefatura de Estudos relacionados con esta problemática (obradoiros de alimentación, sexualidade, prevención de enfermidades, prevención consumo de drogas, etc)

**De carácter medioambiental:** Na materia de CTA, CC e Bioloxía de todos os niveis tratamos exhaustivamente conceptos, procedementos, actitudes e incluso actividades extraescolares co coñecemento e mellora da problemática ambiental do planeta, causas, consecuencias, e sobre todo potenciamos a adquisición de condutas responsables (evitar vertidos, coidar o medio, fomento da reciclaxe e do aforro de auga e enerxía, consumo responsable, etc), relativas ao mesmo. Así mesmo en todos os niveis temos programada actividades de carácter medio ambiental de diferentes tipos tales como charlas, traballos de investigación en pequeno grupo ou individuais, visitas ao entorno, obradoiros, colaboración con proxectos ou concursos medioambientais como o Proxecto Climántica.

Tamén se colabora -e se propón se é o caso- activamente con calquera iniciativa de Vicedirección ou Xefatura de Estudos relacionados con esta problemática (limpeza do patio, plantacións autóctonas, etc)

**Educación para a paz:** Introdúcense en contidos e actividades valores de solidariedade e cooperación expoñendo problemas relacionados con outras culturas, a pobreza, o subdesenvolvemento e as desigualdades.

Tamén se colabora -e se propón se é o caso- activamente e con calquera iniciativa de Vicedirección ou Xefatura de Estudos relacionados con esta problemática (actividades día da Paz, dos Dereitos humanos, etc)

## 9.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Dentro do desenvolvemento do Plan lector do Centro, no Departamento de Bioloxía Xeoloxía está recollido o seguinte plan de actuación coa finalidade de que o alumnado das materias correspondentes a este Departamento acade as competencias básicas en comprensión lectora:

1ª.- Lectura en voz alta dos contidos do libro de texto, que realiza o alumnado de modo rotatorio e coa posterior explicación da lectura facendo maior incidencia nos termos científicos, coa misión de que o alumnado se familiarice con dita terminoloxía.

2ª.- Propostas bibliográficas de lectura voluntaria pero con aportación a cualificación do alumnado que as realice.

Estas propostas están establecidas por niveis do seguinte xeito:

1ª ESO.-

Harris Nicholas: Viaje increíble por el cuerpo humano. Edit. SM

De Sisigné-Bon: El Agua Editorial SM

Asimov, Isaac: La búsqueda de los elementos. Editorial Plaza&Janés



3º ESO.-

S. Aymerich y col. Ojos de pantera.

Colección narraciones Solaris EUMO OCTAEDRO

Argerich M. No me "Baciles"

Colección Narraciones Solaris EUMO-OCTAEDRO

Astor Camino, Xulio: Alimentación saludable. Edit XERAIS

4º ESO.-

Campillo Alvarez: El Mono obeso. Colección Drakontos-Bolsillo.

P. Strathern: Darwin y la evolución. Colección Los científicos y los descubrimientos  
Editorial S: XXI

Jimenez López: La sexta extinción Edit. Zenit-Planeta ISBN 978-84-08-06369-8

1º BACH.

Textos científicos de: Oparin, Spallanzani, Hadane, Miler, Linneo Lamarck, Darwin etc.

Arsuaga: La especie elegida. Edit. Temas de Hoy ISBN 978-84-8460-657-4

Oparin: El origen de la vida. Edit. Akal-Bolsillo ISBN 84-7600-470-2

2º BACH.

Margulis y otros: ¿Qué es la vida? Edit. Tusquets ISBN 84-7223-799-0

Grande Cobian: La alimentación y la vida. Edit. Debate isbn 84-8306-328-X

Lorente J.A. Un detective llamado ADN. Edit Temas de Hoy ISBN 84-8460-386-5

Textos científicos de revistas especializadas e artículos de prensa diaria relacionados con temas de ciencia e saúde.

## **10.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC**

O uso e potenciación das novas tecnoloxías son unha parte importante da programación das materias de Ciencias, non só como apoio didáctico senón así mesmo como instrumento educativo de primeiro orde, que contribúe de forma decisiva ao desenvolvemento da competencia dixital e outras.

Deste xeito as TICs estarán habitualmente presentes na aula e/ou actividades complementarias, potenciando o uso cotiá da pizarra dixital, DVDs, presentacións multimedia (algunha delas elaboradas neste departamento), acceso a internet e sobre todo facilitando o uso destas tecnoloxías por parte do alumnado en forma de blogs propios do departamento, elaboracións de traballos en formato multimedia, e participación en concursos educativos que requiran este tipo de soportes, como xa se vén facendo dende hai algúns anos.



Os recursos disponibles para este tipo de actividades van dende os propios do centro, ata os que se foron adquirido ao longo do tempo por este Departamento.

## 11.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

O Departamento de Bioloxía e Xeoloxía asume e preconiza que a educación para a convivencia debe ser parte integrante da función docente e desenvolverse en todas as áreas e materias do currículo.

Os obxectivos fundamentais deste eido de natureza intrinsecamente transversal poderían ser:

- Preparar para a vida social adulta.
- Asumir e practicar os valores cívicos e democráticos (respecto polas demais persoas, respecto polo mobiliario e polos bens comúns, tolerancia crítica, solidariedade, dereitos humanos, medio natural, igualdade entre homes e mulleres...)
- Mellorar o clima escolar (personalización e habitabilidade dos espazos, atmosfera ordenada, tranquila, relacións dentro das aulas, orde e tranquilidade, actitude de traballo, satisfacción...)
- Atender á diversidade.

Dende esta perspectiva, as ciencias deben incidir na idea da aula como espazo de tranquilidade, orde, reflexión e traballo intelectual. Por outra banda, a atención á diversidade é unha cuestión que este departamento coída especialmente como xa temos reflectido en distintos apartados deste documento

Así mesmo dende este Departamento farase todo o posible para a mellora da convivencia no Centro e para velar polo cumprimento do Regulamento de Réxime Interno. Entre estas accións destacan:

- Non tolerar na aula e nas dependencias do centro accións de tipo vexatorio ou discriminatorio contra calquera membro da comunidade escolar.
- Non tolerar accións contra instalacións, material do centro o material escolar
- Poñer en coñecemento de titor /responsables legais e xefatura de estudos calquera acción ou actividade que atente contra o devandito regramento.
- Participar na educación en valores e contribuir á asunción por parte do alumnado de condutas responsables e respectuosas.

## 12. -ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS/ EXTRAESCOLARES

### Actividades por cursos

1º ESO:



- a) Participación no Día da Ciencia
- b) Asistencia a charlas, conferencias, ou exposicións de temática científica/ambiental/saúde ----- datas sen determinar.
- c) Charla no último trimestre sobre astroloxía no les.
- d) Charla e visita ao parque de Corrubedo organizada polo programa CEIDA
- e) Participación no proxecto biocultura (algún grupo)

**3º- 4º- ESO:**

- a) Participación no Día da Ciencia
- b) Asistencia a charlas, conferencias, ou exposicións de temática científica/ambiental/saúde----- datas sen determinar
- c) Realización dalgunha actividade ambiental organizada polo Concello ou outra institución----- datas sen determinar
- d) Charla e visita ao parque de Corrubedo organizada polo programa CEIDA
- e) Participación no proxecto biocultura (4º ESO)
- f) Participación no Erasmus: especies en perigo e cambio climático na UE. No que poderá haber algunha saída, exposición, charla, que polo de agora está sen concretar nin decidir debido á situación actual.

**Bacharelato:**

- 1.- Asistencia a charlas e conferencias sobre a temática curricular (cambio climático, transxénicos, novos materiais, sociedade da información, astronomía, etc)
- 2.- Visionado de vídeos e películas de contidos curriculares
- 3.-Traballos de investigación sobre materia curricular utilizando diferentes formas de obtención de información (bibliografía, internet, medios audiovisuais, prensa, etc)
- 4.- Debates sobre temas curriculares (biotecnoloxías, evolucionismo, novos materiais, globalización, cambio climático, etc)
- 5.-Saída para recoñecer rochas do contorno e ambiente de formación
- 6.-Saída para recoñecer as plantas do contorno
- 7.-Visita ás Cíes con todo o alumnado de bacharelato deste departamento, en principio sería pasar día, pero cabe a posibilidade de que este curso se fose posible quedarnos alí unha noite de acampada.





### 13.- PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PRÓPIA PROGRAMACIÓN

Para avaliar este documento, os profesores do Departamento de Ciencias farán o seguinte:

- Posta a punto dos diferentes aspectos de seguimento da Programación de forma colectiva e periódica nas Reunións de Departamento. Unha Reunión de cada mes será adicada a este aspecto, e nela elaboraránse propostas de modificación se fose necesario. Faranse propostas, se é preciso, para rectificar ou cambiar o que sexa oportuno.
- Conclusións na memoria de fin de curso, atendendo aos informes periódicos elaborados nas reunións de departamento, aos resultados obtidos e a suxestións que se lle poidan pedir ao alumando.

### Indicadores

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. [Só para ESO e bach.].				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º de bacharelato].				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach.].				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				



30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				
--	--	--	--	--

## 14- AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE:

### Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

### Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				



11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

## 15- PROGRAMACIÓN EN CASO DE NON PRESENCIALIDADE:

Neste curso tívose que adaptar a programación á situación sanitaria provocada polo COVI-19. (Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académica parten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obo 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se emigratoria e do bacharelato. )

### Adaptacións da Programación didáctica provocada pola situación sanitaria

#### (Covid-19)

Neste curso temos que adaptar a programación tendo en conta os dous posibles escenarios: presencialidade (que sería a programación xa feita), e non presencialidade. Para iso temos que concretar aqueles estándares imprescindibles en cada curso, que marco en vermello na programación, menos en 2º de bacharelato, xa que todos son imprescindibles. Tamén temos que cambiar a metodoloxía, actividades e avaliación.

### **BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º, 3º, 4º ESO e CAAP:**

#### **RECUPERACIÓN ESTÁNDARES NON TRABALLADOS**

##### **1ºESO:**

Impartimos todos os estándares de aprendizaxe correspondentes ao nivel de bioloxía-xeoloxía de 1º ESO.

Este alumnado non vai ter bioloxía-xeoloxía o curso este curso. E cando a volvan ter en 3º ESO os contidos que se traballan non teñen unha continuidade co que se deu en 1º. Polo tanto non vai haber ningún plan de recuperación.



### 3ºESO:

Impartimos todos os estándares correspondentes á parte de bioloxía, quedaron sen impartir os de xeoloxía debido fundamentalmente á pouca carga horaria da asignatura neste nivel.

En canto ao plan de recuperación, en bioloxía non hai nada que recuperar xa que se deron todos os estándares, en canto a xeoloxía o que imos facer é comezar este curso por ela en 4º e relacionalos cos estándares que quedaron sen dar en 3º.

### 4ºESO:

Traballáronse todos os estándares correspondentes a bioloxía-xeoloxía de 4º ESO, os de xeoloxía traballáronse na aula virtual.

No referido ao plan de recuperación, o alumnado que siga collendo bioloxía-xeoloxía en 1º de bacharelato, reforzaríanse aqueles estándares relacionados coa xeoloxía se fose necesario. Xa que foi a única parte da materia que viron na aula virtual

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	
AVALIACIÓN	<p>PROCEDEMENTOS: Entrega das tarefas propostas na aula virtual para a correxir. <i>Entrega de boletíns de exercicios de recuperación en caso de haber alguna avaliación que recuperar e envío das tarefas propostas na aula virtual.</i> <i>Realización de probas ( test, preguntas curtas..)</i></p> <p>INSTRUMENTOS: <i>Aula virtual: proposta de tarefas semanal</i> <i>Entrega de tarefas propostas semanalmente.</i> <i>Rúbrica de rexistro das tarefas recibidas e correxidas.</i> Plataforma webex: para poder facer videoconferencias</p>
CUALIFICACIÓN FINAL	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A cualificación obtida nas probas realizadas durante este período representará un 40% da nota da avaliación correspondente.</li> <li>• A cualificación do traballo diario representará un 60% da nota da avaliación correspondente. A comprobación desas tarefas será mediante envíos das mesmas á aula virtual. Será imprescindible cumprir cos prazos de entrega estipulados para cada traballo.</li> <li>• En caso de haber semipresencialidade, a nota global do trimestre será calculada de forma ponderada, establecendo e respectando a proporcionalidade do tempo de ensino presencial e non presencial. Por exemplo , se nun trimestre o 20% do tempo foi telemático, a nota obtida pol@ alumn@ será a media ponderada (80% nota presencial + 20% nota telemática).</li> </ul>
PROBA SETEMBRO	<p><i>100% da Nota da proba escrita.</i> <i>Proba escrita: estándares imprescindibles</i></p>
AVALIACIÓN PENDENTES	O alumnado pendente a nota sería: a nota media das tarefas propostas a principio de curso.



Como instrumentos usamos igualmente a aula virtual e webex.

<b>METODOLOXÍA. ACTIVIDADES</b>	
<b>ACTIVIDADES</b>	<p>Visualización de vídeos de explicación de conceptos. Ficheiros con información do tema. Boletíns de exercicios. Actividades interactivas. Podcast relacionados coa materia. Utilización de diversas ferramentas da aula virtual: foro, chat, mensaxería, glosario, base de datos, wiki, ficheiros... Visitas virtuais a museos, acuarios, ...</p>
<b>METODOLOXÍA</b>	<p>Cada luns, cólganse as tarefas da semana nos distintos cursos BIXE ESO na aula virtual do Centro. Ao longo da semana, o alumnado aclara cuestións/dúbidas por distintas vías de mensaxería co profesorado e envía as tarefas propostas para a súa corrección. Estas son correxidas e reenviadas ao alumnado. As entregas son recollidas nunha rúbrica de rexistro.</p>
<b>MATERIAIS E RECURSOS</b>	<p>Aula virtual Webex Vídeos explicativos Vídeos de experiencias relacionadas coa materia Ficheiros con información Libro de texto Boletíns de exercicios e actividades interactivas Animacións Enlaces a visitas virtuais a museos, acuarios... Podcast Rúbrica de rexistro de entrega de tarefas</p>

## **BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º BACH E BIOLOXÍA 2º BACH:**

### **RECUPERACIÓN ESTÁNDARES NON TRABALLADOS**

#### **1º BACHARELATO:**

Traballáronse todos os estándares correspondentes a 1º de bacharelato, os de xeoloxía foron traballados na aula virtual.



No referido ao plan de recuperación de cara ao curso : o alumnado que colla bioloxía non ten nada que recuperar, xa que se traballaron todos os estándares na clase. Ao non haber a asignatura de xeoloxía en 2º bacharelato non teríamos que reforzar os estándares correspondentes.

## AVALIACIÓN

### AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

#### PROCEDEMENTOS:

Entrega das tarefas propostas na aula virtual para a correxir.

*Entrega de boletíns de exercicios de recuperación en caso de haber alguna avaliación que recuperar e envío das tarefas propostas na aula virtual.*

*Realización de probas ( test, preguntas curtas..)*

#### INSTRUMENTOS:

*Aula virtual: proposta de tarefas semanal*

*Entrega de tarefas propostas semanalmente.*

*Rúbrica de rexistro das tarefas recibidas e correxidas.*

Plataforma webex: para poderfacer videoconferencias

## CUALIFICACIÓN FINAL

- A cualificación obtida nas probas realizadas durante este período representará un 70% da nota da avaliación correspondente.

- A cualificación do traballo diario representará un 30% da nota da avaliación correspondente. A comprobación desas tarefas será mediante envíos das mesmas á aula virtual. Será imprescindible cumprir cos prazos de entrega estipulados para cada traballo.

- En caso de haber semipresencialidade, a nota global do trimestre será calculada de forma ponderada, establecendo e respectando a proporcionalidade do tempo de ensino presencial e non presencial. Por exemplo , se nun trimestre o 20% do tempo foi telemático, a nota obtida pol@ alumn@ será a media ponderada (80% nota presencial + 20% nota telemática).

## PROBA SETEMBRO

*100% da Nota da proba escrita.*

*Proba escrita: estándares imprescindibles*

## AVALIACIÓN PENDENTES

Non hai ningún alumnado coa asignatura de bioloxía e xeoloxía pendente.

METODOLOXÍA. ACTIVIDADES	
ACTIVIDADES	Visualización de vídeos de explicación de conceptos. Ficheiros con información do tema. Boletíns de exercicios. Actividades interactivas. Podcast relacionados coa materia. Utilización de diversas ferramentas da aula virtual: foro, chat,



	mensaxería, glosario, base de datos, wiki, ficheiros... Visitas virtuais a museos, acuarios, ...
METODOLOXÍA	Cada luns, cólganse as tarefas da semana nos distintos cursos de Bioloxía de bacharelato na aula virtual do Centro. Ao longo da semana, o alumnado aclara cuestións/dúbidas por distintas vías de mensaxería co profesorado e envía as tarefas propostas para a súa corrección. Estas son correxidas e reenviadas ao alumnado. As entregas son recollidas nunha rúbrica de rexistro.
MATERIAIS E RECURSOS	Aula virtual Webex Vídeos explicativos Vídeos de experiencias relacionadas coa materia Ficheiros con información Libro de texto Boletíns de exercicios e actividades interactivas Animacións Enlaces a visitas virtuais a museos, acuarios... Podcast Rúbrica de rexistro de entrega de tarefas

## Cultura científica 4º ESO e 1º Bacharelato. Anatomía aplicada 1º Bacharelato.

### AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

#### AVALIACIÓN

##### PROCEDEMENTOS:

Entrega das tarefas propostas na aula virtual para a correxir.  
*Entrega de boletíns de exercicios de recuperación en caso de haber alguna avaliación que recuperar e envío das tarefas propostas na aula virtual.*

*Realización de probas ( test, preguntas curtas..)*

##### INSTRUMENTOS:

*Aula virtual: proposta de tarefas semanal*

*Entrega de tarefas propostas semanalmente.*

*Rúbrica de rexistro das tarefas recibidas e correxidas.*

Plataforma webex: para poder facer videoconferencias

#### CUALIFICACIÓN FINAL

- A cualificación obtida nas probas realizadas durante este período representará un 30% da nota da avaliación correspondente.
- A cualificación do traballo diario representará un 70% da nota da avaliación correspondente. A comprobación desas tarefas será mediante envíos das mesmas á aula virtual. Será imprescindible cumprir cos prazos de entrega estipulados para cada traballo.
- En caso de haber semipresencialidade, a nota global do trimestre será calculada de forma ponderada, establecendo e respectando a proporcionalidade do tempo de ensino presencial e non presencial. Por exemplo , se nun trimestre o 20% do tempo foi



telemático, a nota obtida pol@ alumn@ será a media ponderada (80% nota presencial + 20% nota telemática).

PROBA SETEMBRO

*100% da Nota da proba escrita.*

*Proba escrita: estándares imprescindibles*

<b>METODOLOXÍA. ACTIVIDADES</b>	
ACTIVIDADES	<p>Visualización de vídeos de explicación de conceptos. Ficheiros con información do tema. Boletíns de exercicios. Actividades interactivas. Podcast relacionados coa materia. Utilización de diversas ferramentas da aula virtual: foro, chat, mensaxería, glosario, base de datos, wiki, ficheiros... Visitas virtuais a museos, acuarios, ...</p>
METODOLOXÍA	<p>Cada luns, cólganse as tarefas da semana nos distintos cursos de Bioloxía de bacharelato na aula virtual do Centro. Ao longo da semana, o alumnado aclara cuestións/dúbdidas por distintas vías de mensaxería co profesorado e envía as tarefas propostas para a súa corrección. Estas son correxidas e reenviadas ao alumnado. As entregas son recollidas nunha rúbrica de rexistro.</p>
MATERIAIS E RECURSOS	<p>Aula virtual Webex Vídeos explicativos Vídeos de experiencias relacionadas coa materia Ficheiros con información Libro de texto Boletíns de exercicios e actividades interactivas Animacións Enlaces a visitas virtuais a museos, acuarios... Podcast Rúbrica de rexistro de entrega de tarefas</p>

**Documento elaborado e aprobado polos compoñentes definitivos do Departamento:**

- 1.- Ana Inés Muñiz Saborido**
- 2.- Manuela Martínez Dourado**
- 3.- José Ramón Moreira Arincón**

**En Rianxo, 30 de Outubro de 2020**





**XUNTA DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN U.  
IES Félix Muriel**



**UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO**  
*"O FSE inviste no teu futuro"*

Rúa María Ana Mogas, nº 1  
15920 RIANXO  
☎ 881866647 📠 881866657  
[ies.felix.muriel@edu.xunta.es](mailto:ies.felix.muriel@edu.xunta.es)